

PREGUNTAS FRECUENTES (FAQ)

Programa "DepoEmprende" 2023-2024

"DepoEmprende na escola", "DepoEmprende na ESO" e "DepoEmprende na FP"

1. [Cal é o obxecto da convocatoria? Base Primeira](#)
2. [En que consiste o programa "DepoEmprende"? Base Segunda](#)
3. [Como se temporaliza o programa "DepoEmprende"? Base Segunda](#)
4. [Cando remata o programa "DepoEmprende"? Base Décimo quinta](#)
5. [Cando remata o programa "DepoEmprende"? Base Décimo quinta](#)
6. [Quen pode solicitar a participación nos proxectos "DepoEmprende"? Base Terceira](#)
7. [Os centros educativos poden participar en máis dun proxecto "DepoEmprende" á vez? Base Quinta](#)
8. [Con que recursos se conta para desenvolver os proxectos na aula? Base Segunda](#)
9. [Como se debe presentar a solicitude de participación? Base Quinta](#)
10. [Que certificados admite a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra? Base Quinta](#)
11. [Cal é o prazo de presentación de solicitudes? Base Sexta](#)
12. [Que pasa se a solicitude non reúne os datos esixidos? Base Novena](#)
13. [Pódese renunciar a participar no programa "DepoEmprende"? Base Décimo Cuarta](#)
14. [Se algún centro educativo renuncia, pódese cubrir a praza vacante? Base Décimo Cuarta](#)
15. [Cantos centros poden participar? Base Décima.](#)
16. [Como se seleccionarán os centros participantes? Base Décima](#)
17. [Como se resollen os empates? Base Décima](#)
18. [Quen seleccionará os centros participantes? Base Décimo Sétima](#)
19. [Que se entende por proxectos baseados en metodoloxías de aprendizaxe cooperativa? Anexo I](#)
20. [Que se entende por proxectos para o impulso da cultura emprendedora? Anexo I](#)
21. [Que se entende por actividades de innovación educativa? Anexo I](#)
22. [Como se poden resolver as dúbidas? Base Segunda](#)

1. Cal é o obxecto da convocatoria? **Base primeira**

Estas bases teñen por obxecto **convocar os centros educativos** da provincia de Pontevedra sostidos con fondos públicos dependentes da Xunta de Galicia **para participaren nos diferentes proxectos que compoñen o programa "DepoEmprende"**, promovido pola Deputación de Pontevedra a través do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

2. En que consiste o programa "DepoEmprende"? **Base segunda**

O programa "DepoEmprende" comprende tres proxectos: "DepoEmprende na escola", "DepoEmprende na ESO" e "DepoEmprende na FP", nos que se propón unha metodoloxía dinámica e participativa na que o alumnado é protagonista da súa propia aprendizaxe.

O alumnado dos centros educativos participantes creará cooperativas escolares ("DepoEmprende na escola" e "DepoEmprende na ESO") e desenvolverá proxectos empresariais ("DepoEmprende na FP") a través do asesoramento do seu profesorado e dos recursos que se poñen á súa disposición desde a Deputación de Pontevedra a través dos tres proxectos nos que se divide o programa:

- **"DepoEmprende na escola"**: o alumnado adquire as competencias mediante a toma de decisións que supón crear cooperativas escolares nas que desenvolve unha serie de procesos de planificación e xestión, que teñen como finalidade a fabricación de produtos para a súa venda, a través da cal recuperan o capital inicial e obteñen beneficios, dos que doan unha parte ás accións sociais ou ONG que as socias e os socios da cooperativa elixen por consenso.
- **"DepoEmprende na ESO"**: o alumnado adquire as competencias mediante a toma de decisións que supón crear cooperativas escolares nas que distribúe produtos adquiridos a empresas proveedoras que elixe segundo criterios de sostibilidade e responsabilidade social corporativa. Póñense en práctica capacidades de negociación, de toma de decisións, de comunicación e resolución de conflitos e, finalmente, véndense eses produtos para recuperar o capital inicial e obter beneficios, dos cales doan unha parte ás accións sociais ou ONG que as socias e os socios da cooperativa elixen por consenso.

- **“DepoEmprende na FP”**: o alumnado adquire as competencias mediante a toma de decisións que supón crear proxectos empresariais dun sector que, preferentemente, estea relacionado coa familia profesional do ciclo formativo que cursen. A través destes proxectos poténcianse a adquisición de coñecementos e aptitudes relacionadas co emprendemento, tanto no ámbito empresarial coma no autoemprego, e as actitudes necesarias para asumir riscos e responsabilidades. Así mesmo, o alumnado poderá participar nos Premios Demo Day convocados ao abeiro deste proxecto.

3. Como se temporaliza o programa “DepoEmprende”? **Base segunda**

A temporalización do programa “DepoEmprende” 2023-2024, así como a distribución exacta de datas e horas lectivas en que se desenvolverá a intervención e as materias nas que se introducirá, será decisión exclusiva de cada centro educativo e da súa organización interna.

4. Cando remata o programa “DepoEmprende”? **Base décimo sexta**

O programa “DepoEmprende” finalizará, previsiblemente, no mes de xuño, antes de rematar o curso escolar 2023-2024.

No caso do proxecto “DepoEmprende na FP”, este finalizará, previsiblemente, antes do inicio do período de formación en centros de traballo (FCT).

5. En que casos se poden suspender actividades ou clausurar proxectos? **Base décimo sexta**

No caso de que a planificación do antedito curso escolar condicionase o desenvolvemento do programa ou de que ao longo da súa realización este se vise afectado por algunha situación de risco ou forza maior que imposibilitase o seu desenvolvemento, a Deputación de Pontevedra reservará o dereito de suspender ou terminar actividades, finalizar a posta en marcha dalgún dos proxectos, ou ben clausurar a totalidade do programa “DepoEmprende”. Así mesmo, poderá suspender ou dar por terminada a participación dos centros no programa cando as circunstancias o determinen.

6. Quen pode participar nos proxectos “DepoEmprende”? **Base terceira**

Poderán participar nesta convocatoria **centros educativos sostidos con fondos públicos da provincia de Pontevedra dependentes da Xunta de Galicia e inscritos no Rexistro Estatal de Centros Docentes non Universitarios (RCD)**.

Para os efectos desta convocatoria entenderanse como “centros sostidos con fondos públicos”

unicamente os centros públicos e os centros privados concertados.

Cada proxecto "DepoEmprende" está pensado para etapas educativas diferenciadas:

- Proxecto "**DepoEmprende na escola**" é un proxecto que ten como **destinatarios os centros educativos que impartan Educación Primaria e/ou Educación Especial**. No caso dos centros que impartan **Educación Primaria**, o proxecto dirixirase ao alumnado **de 5.º e 6.º**, mentres que no caso dos centros que impartan **Educación Especial**, dirixirase ao alumnado de **programas formativos básicos** e/ou alumnado para o cal o centro educativo e o profesorado consideren que a experiencia pode ser proveitosa.
- Proxecto "**DepoEmprende na ESO**" é un proxecto que ten como **destinatarios os centros educativos que impartan Educación Secundaria Obrigatoria e dirixirase ao alumnado de 4.º da ESO**, preferentemente ao alumnado que curse as materias Iniciativa á Actividade Emprendedora e Empresarial, Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional ou outras similares.
- Proxecto "**DepoEmprende na FP**" é un proxecto que ten como **destinatarios os centros educativos que impartan Formación Profesional de grao medio ou grao superior** e dirixirase preferentemente ao alumnado que curse o módulo Empresa e Iniciativa Emprendedora ou similar.

7. Que requisitos deben cumprir os centros educativos solicitantes? **Base cuarta**

Xunto co cumprimento e adecuación aos perfís detallados, os centros solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar sostidos con fondos públicos e depender da Xunta de Galicia
- Estar situados no ámbito xeográfico da provincia de Pontevedra
- Constar como inscritos no Rexistro Estatal de Centros Docentes non Universitarios (RCD)

8. Poden os centros educativos participar en máis dun proxecto "DepoEmprende" á vez?

Base quinta

Si, os centros poderán solicitar a participación nun ou en varios proxectos "DepoEmprende", sempre e cando contén coa oferta educativa que se indica como requisito para participar nos diferentes proxectos.

Neste caso será necesario que o centro interesado presente unha solicitude para cada un dos proxectos aos que desexe adherirse.

9. Con que recursos se conta para desenvolver os proxectos na aula? Base segunda

Para “DepoEmprende na escola” e “DepoEmprende na ESO”:

- Acceso ao portal educativo baseado en Moodle, que potencia a comunicación entre os centros participantes, favorece o acceso aos recursos formativos e didácticos e asegura a orientación, o asesoramento e a titoría de forma continua.
- Acceso a manuais en formato dixital para comprender o emprendemento e crear e xestionar unha cooperativa.
- Asesoramento, mediante videoconferencias, para poñer en marcha os proxectos nos centros educativos.

Para “DepoEmprende na FP”:

- Acceso ao portal educativo baseado en Moodle, que potencia a comunicación entre os centros participantes, favorece o acceso aos recursos formativos e didácticos, e asegura a orientación, o asesoramento e a titoría de forma continua.
- Acceso a manuais en formato dixital: guía didáctica para poñer en marcha o proxecto empresarial na aula.
- Asesoramento, mediante videoconferencias, para poñer en marcha o proxecto nos centros educativos.
- Asistencia técnica para o asesoramento especializado no desenvolvemento dos proxectos empresariais vinculados ao sector económico e á especialidade do ciclo formativo que se está a cursar.

10. Como se debe presentar a solicitude de participación? Base quinta

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Se algún dos centros interesados presenta a súa solicitude presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a emenda.

11. Que certificados admite a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra? Base quinta

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe). O acceso mediante Cl@ve pode solicitarse presencialmente nas oficinas habilitadas, que se poden consultar na seguinte ligazón:

[Consulta de oficinas para a solicitude do sistema Cl@ve](#)

Poderán darse as seguintes situacións:

- a) O certificado electrónico de identificación é o do centro educativo que fai a solicitude: non se terá que entregar ningún documento coa solicitude
- b) O certificado electrónico é dalgunha persoa do equipo directivo: terase que entregar coa solicitude un documento que acredite o seu cargo na entidade solicitante
- c) O certificado electrónico é doutra persoa non pertencente ao equipo directivo: terase que entregar coa solicitude un documento no que unha persoa do equipo directivo do centro acredite o seu cargo e autorice a súa representación

12. Cal é o prazo de presentación de solicitudes? Base sexta

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e finalizará o 29 de setembro de 2023.

13. Que pasa se a solicitude non reúne os datos esixidos? Base novena

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 da devandita lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, de non o facer, terase por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

14. Pódese renunciar a participar no programa "DepoEmprende"? Base décimo quinta

No caso de que algún centro educativo renuncie á praza asignada para a participación no proxecto no que foi seleccionado, deberá informar a institución provincial a través da correspondente solicitude dirixida ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento

Local mediante unha instancia xenérica presentada por rexistro segundo o establecido no artigo 16.4 da Lei 29/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se algún centro educativo renuncia, pódese cubrir a praza vacante? Base décimo quinta

Si, nesta situación a Deputación de Pontevedra poderá cubrir a praza vacante seleccionando o centro que se atope en primeiro lugar na lista de suplentes segundo a puntuación obtida no proceso de selección, no caso de que se constituía a devandita lista e cando non transcorresen máis de catro meses desde o inicio do proxecto.

15. Cantos centros poden participar? Base décima

O número de centros participantes non poderá superar o máximo de prazas por cada un dos proxectos "DepoEmprende", tal e como se indica no seguinte cadro:

Proxecto	Número máximo de centros por proxecto
"DepoEmprende na escola"	12
"DepoEmprende na ESO"	10
"DepoEmprende na FP"	10

Así mesmo, para que os proxectos se poidan iniciar deberase contar cun mínimo de 5 centros educativos por proxecto.

16. Como se seleccionarán os centros participantes? Base décima

A selección dos centros educativos participantes tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, conforme os criterios que se establecen na convocatoria e segundo as características de cada proxecto.

17. Como se resoven os empates? Base décima

No caso de empate, este resolverase atendendo á titularidade do centro educativo; así, daráselles prioridade aos centros de titularidade pública ante os de titularidade concertada.

Se o empate persiste, este resolverase atendendo á maior puntuación obtida no primeiro apartado dos criterios de selección, que terá preferencia sobre os seguintes apartados, e así sucesivamente cos posteriores.

18. Quen seleccionará os centros participantes? Base décimo segunda

Para seleccionar os centros educativos e realizar o seu seguimento constituirase unha comisión que se encargará de resolver as incidencias e dúbidas que se produzan no seu desenvolvemento. Esta comisión terá a competencia de avaliar as solicitudes presentadas, tal e como se establece no convenio asinado coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Esta comisión estará constituída por:

- Presidente: o xefe do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local.
- Vogais: dúas persoas representantes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e unha técnica ou técnico funcionario do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local.
- Secretaria ou secretario: unha funcionaria ou funcionario do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local, que actuará sen voto.

19. Que se entende por proxectos baseados en metodoloxías de aprendizaxe cooperativa?

Anexo I

Os proxectos baseados en metodoloxías de aprendizaxe cooperativa son aqueles nos cales se realizan tarefas e actividades a través do traballo en equipo entre iguais. É unha metodoloxía que favorece o desenvolvemento óptimo de todas as persoas do equipo e as relacións de colaboración mutua, e que persegue a satisfacción das necesidades individuais como medio para acadar as metas do grupo.

20. Que se entende por proxectos para impulsar a cultura emprendedora? Anexo I

Os proxectos para impulsar a cultura emprendedora son aqueles que traballan no coñecemento en materia de emprendemento e favorecen a adquisición de competencias coma a innovación, a creatividade, a autonomía, a toma de decisións, a iniciativa e o liderado, entre outras.

21. Que se entende por actividades de innovación educativa? Anexo I

Considéranse innovación educativa aquelas medidas e estratexias que se aplican co fin de favorecer a mellora dos procedementos de ensino e aprendizaxe. Estas medidas incorporan prácticas creativas e transformadoras que producen cambios planificados nas prácticas de ensino e convivencia dos centros.

Exemplos: actualizar as prácticas docentes a través das TIC, accións destinadas a mellorar o perfeccionamento docente, aplicar estratexias de aprendizaxe por proxectos, desenvolver traballos por competencias, fomentar a ensinanza virtual etc.

22. Como se poden resolver as dúbidas? **Base segunda**

Calquera dúbida ou cuestión poderá dirixirse ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra a través do teléfono 986 804 100 ou no enderezo electrónico depoemprende@depo.gal.